

CPI PLURILINGÜE  
VIRXE DO MONTE

# PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
CURSO 2021-22



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL E TEÓRICO.....	5
3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO .....	9
3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA E ORGANIZATIVA DO CENTRO .....	9
3.2. O CPI .....	10
3.3. CENTROS COMPARTIDOS: CEIP MUIMENTA.....	15
3.4. FUNCIONAMENTO E COORDINACIÓN .....	16
3.5. CONSTITUCIÓN E FUNCIÓNS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	17
4. OBXECTIVOS.....	20
4.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	20
4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	21
5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.....	24
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	27
6.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	32
6.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL .....	32
6.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.....	38
6.4. PLAN DE CONVIVENCIA E PLAN DE IGUALDADE .....	42
6.5. PROGRAMA DE APRENDER A APRENDER.....	44
6.6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E BENESTAR EMOCIONAL...	45
6.7. PROGRAMA DE ACOLLIDA.....	46
6.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS .....	49
7. CONTRIBUCIÓN DENDE O DEPARTAMENTO Á ADQUISICIÓN DAS	



COMPETENCIAS CLAVE .....	49
8. METODOLOXÍA.....	51
9. RECURSOS EMPREGADOS .....	52
10. TEMPORALIZACIÓN .....	53
11. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN .	54
11.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	54
11.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	55

**-ANEXO I.** CONCRECIÓN ANUAL PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**-ANEXO II:** CONCRECIÓN DO PROTOCOLO ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN COVID NO ALUMNADO CON N.E.E.

**-ANEXO II:** PLAN DE APOIO DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PRIMARIA)

**-ANEXO III:** PLAN DE APOIO DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (SECUNDARIA)

**-ANEXO IV:** PLAN DE APOIO DA ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE



## 1. INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos proceso que nel se desenvolven:

- ◆ A orientación educativa e profesional do alumnado debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (art. 1º Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, en adiante LOE-LOMCE).
- ◆ A orientación educativa e profesional é un dos factores en calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ( art. 2 da LOE-LOMCE).
- ◆ A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados (art. 91 da LOE-LOMCE).
- ◆ O dereito básico do alumnado de recibir orientación educativa e profesional e o dos pais a ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos/as (disposición derradeira primeira da LOE. Modificación da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación).

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atendan aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfrenta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.



A orientación é un deber compartido por tódolos mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagógico-didáctico que articula a medio e longo praza as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada; é a parte da organización pedagógico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. Este Plan conforma, pois, un epígrafe do PE como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción tutorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

O noso Plan, que imos desenrolar nos seguintes apartados, estrutúrase en varios bloques:

- ◆ Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- ◆ Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- ◆ Accións de orientación prioritarias.
- ◆ Estratexias de intervención.
- ◆ Criterios e formas de avaliación do plan.
- ◆ Aprobación do plan.

Dentro das estratexias de intervención figuran as liñas do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan de Acción Tutorial.



## 2. MARCO LEGAL E TEÓRICO

A orientación educativa e profesional atópase determinada pola seguinte normativa legal:

- ◆ **LOMCE:** Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ◆ **LOE:** Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ◆ **Orde ECD/65/2015** do 21 xaneiro pola que se describen a relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.
- ◆ **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- ◆ **Orde 24 xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- ◆ **Circular 10/2010**, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na nosa comunidade autónoma.
- ◆ **Decreto 7/1999**, de 7 de xaneiro polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ◆ **Orde 3 de outubro de 2000**, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto anterior.
- ◆ **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ **Orde do 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ **Orde do 9 de xuño de 2016**, polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



- ◆ **Decreto 86/2015**, do 25 xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BAC na nosa comunidade autónoma.
- ◆ **Real Decreto 310/2016**, de 29 xullo, polo que regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- ◆ **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ◆ **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da nosa CCAA.
- ◆ **Circular 8/2009**, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.
- ◆ **Orde do 31 de outubro de 1996**, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- ◆ **Orde do 6 de outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- ◆ **Real Decreto 943/2003**, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelctualmente.
- ◆ **Orde do 28 de outubro de 1996**, polo que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos ACNEAE asociadas a altas capacidades intelectuais.
- ◆ **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- ◆ **Orde do 20 de febreiro de 2004**, pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumando procedente do estranxeiro.



- ◆ **Orde do 25 de xuño de 2020**, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos da C.A. de Galicia
- ◆ **Orde do 16 de setembro de 2020**, pola que se ditan instrución sobre o comezo do curso académico 2020-21 e polo que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020.

E especialmente este curso académico debido as consecuencias provocadas pola pandemia da COVID-19:

- ◆ **Orde 365/2020**, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.
- ◆ **Instrucións do 27 de abril de 2020** para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, determínanse liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.
- ◆ **Orde EFP/561/2020**, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.
- ◆ **Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19** nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021.
- ◆ **Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con Necesidades Educativas Especiais** para o ámbito educativo





- ◆ **Instrucións do 30 de xullo 2020**, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

As actuacións do departamento do noso centro estarán baseadas no marco legislativo citado con anterioridade e nos principios teóricos-prácticos recollidos no **Decreto 120/1998 e na Orde 24 xullo 1998** que o regula:

- ◆ A orientación forma parte do sistema educativo para favorecer a calidade da enseñanza: titoría e orientación do alumnado forman parte da función docente.
- ◆ As finalidades da educación son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir os deberes e exercer os dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.
- ◆ En consecuencia co anterior, a Lei propón unha educación comprensiva (para todos), terminal (ten un fin en si mesma) e propedéutica (prepara para futuros estudos).
- ◆ Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios.
- ◆ A orientación ofrece unha atención individualizada e global: integra aspectos do desenvolvemento persoal, atención ó proceso de ensino - aprendizaxe e toma de decisións.
- ◆ A orientación debe realizarse por profesionais e en equipo.
- ◆ Debe ser un proceso continuo: ofertarse ós alumnos nos distintos momentos e niveis da escolarización, dende os primeiros momentos para a prevención e detección temperá de dificultades, atea os momentos de especial relevancia como cambio de etapa, elección de optativas, etc.
- ◆ A orientación debe estar aberta ó mundo laboral e ás necesidades do contexto.



- ◆ Debe promover a cooperación familia-escola e dinamizar ós axentes educativos.
- ◆ Debe capacitar ó alumnado para a adquisición das competencias básicas.

Para responder a estes principios, o modelo de orientación será un modelo sistémico: a orientación estará incardinada dentro do centro e do currículo como un elemento máis.

### **3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

#### **3.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA E ORGANIZATIVA DO CENTRO**

O noso CPI denominado “Virxe do Monte” está situado en Feira do Monte, capitalidade municipal dun concello que conta cunha poboación aproximada de 6000 habitantes distribuídos nas 20 parroquias que conforman o concello de Cospeito.

A base socioeconómica dos habitantes deste Concello é maioritariamente o sector agropecuario. Na capitalidade, os habitantes dedícanse fundamentalmente ao sector servizos, e tamén existe algunha pequena industria do sector da construción e de maquinaria agrícola. O nivel socioeconómico e cultural das familias sitúase no ámbito medio-baixo, é de destacar as expectativas positivas respecto ó labor educativo da escola e a colaboración que exercen con ela.

Na actualidade neste centro escolarízase todo o alumnado do concello, agás o dalgunhas parroquias: Muimenta, Momán, Bexán e Xustás. No caso de Muimenta, o alumnado de educación infantil e primaria acoden ao CEIP sito nesa localidade, e o das outras parroquias mencionadas acoden a Castro de Riberas de Lea, lugar onde están adscritas desde o ano 1983. Na etapa da ESO, o centro escolariza ao alumnado propio e algún procedente do CEIP de Muimenta. Aínda que tamén acode alumnado do concello de Vilalba e Abadín, por proximidade xeográfica co centro.



### **3.2. CENTROS COMPARTIDOS: CEIP MUIMENTA**

O noso CPI ten un colexio adscrito que é o CEIP “Muimenta”, do cal algúns dos seus alumnos/as realizan a Educación Secundaria Obrigatoria no noso centro educativo.

Este centro non conta con Departamento de Orientación propio e non sendo a praza de orientación do CPI de Cospeito unha praza de orientación compartida, actuaremos en base ao protocolo habitual para os centros adscritos, isto é: segundo demanda, sendo o mércores o día asignado para a atención educativa deste centro cando xurdan as necesidades de valoración psicopedagóxica e doutra índole.

### **3.3. FUNCIONAMENTO E COORDINACIÓN**

Realizaranse reunións periódicas co obxecto de avaliar as necesidades que vaian aparecendo ó longo do curso, valoralas e poñer en marcha os programas de intervención máis axeitados en cada caso.

As reunións entre os membros do Departamento de Orientación para cumprir as funcións establecidas na Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) realizaranse, canto menos, mensualmente, o terceiro luns de cada mes. Non obstante, hai marcada unha sesión os venres para a coordinación cos especialistas de AL e PT.

A coordinación cos titores da ESO non está regulada polo centro. Ó non existir ningún tipo de reunión fixa periódica establécense contactos puntuais, improvisados e segundo a demanda, canto menos, mensualmente.

Se a situación o require e non é posible uns mecanismos de coordinación presenciais debido as consecuencias da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 adaptaranse por medios telemáticos e telefónicos por medio da Aula Virtual do centro, a páxina web do mesmo, a plataforma de videoconferencia Cisco Webex, o correo electrónico e teléfono.



## CONSTITUCIÓN E FUNCIÓNS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No seo da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do mes de outubro de 2021, quedará constituído o Departamento de Orientación da seguinte maneira:

a) Os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía existentes no centro.

- ◆ Orientadora e xefa do Departamento de Orientación: Isabel Fernández Pardo.
- ◆ A directora con horas no departamento (6h): M<sup>a</sup> Carmen Sánchez Domínguez

b) O profesor ou profesora de pedagogía terapéutica e especialista de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención ó alumnado con necesidades educativas especiais destinados no centro público integrado.

- ◆ Pedagogía Terapéutica: M<sup>a</sup> José Cupeiro Borja e Begoña Vidal Rodríguez.
- ◆ Audición e Linguaxe: Víctor Manuel Rodríguez Gómez.

c) Un titor ou titora por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, designados polo director, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica. Na designación procurarase que existan profesores de cada unha das etapas educativas que imparte o centro ou, cando corresponda, de distintos niveis educativos.

- Nuria Rodríguez Agustiño (ámbito socio-lingüístico)
- Esther Otero Rodríguez (ámbito científico-tecnolóxico)

d) Representante de educación primaria e infantil: Rocío Corbelle.

e) A directora do centro de educación infantil, educación primaria incluído dentro da zona educativa que se determine para os efectos da escolarización de alumnos: a directora do CEIP “Muimenta”: Teresa Rivera Rodríguez.

En canto as funcións dos distintos membros que compoñemos o



Departamento de Orientación, destacamos as seguintes:

Xefatura do Departamento de Orientación:

- ◆ Redactar os programas do departamento.
- ◆ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e redactar os informes psicopedagóxicos.
- ◆ Coordinar as accións do departamento.
- ◆ Representar ó departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ◆ Participar nas sesións de avaliación dos alumnos/as, con voz pero sen voto.
- ◆ Coordinar actuacións con institucións externas ó centro.

Profesorado Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:

- ◆ Prestar atención docente directa ó alumnado con ACNEAE e ACNEE dentro e fóra da aula.
- ◆ Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das AC así como das medidas de reforzo.
- ◆ Participar na avaliación inicial e nas sesións de avaliación dos alumnos/as con ACNEAE e ACNEE.
- ◆ Coordinarse cos profesores/as e titores/as do alumnado que acude á aula de apoio para realizar o seguimento da súa evolución académica.
- ◆ Asistir e participar nas Comisións de Coordinación Pedagóxica.

Profesores/as titores/as e mestres de Educación Infantil e Primaria

- ◆ Colaborar activamente no desenvolvemento, seguimento e avaliación das actividades do Plan de Acción Titorial.
- ◆ Actuar como dinamizador das propostas educativas do departamento de orientación.
- ◆ Participar no deseño, planificación e avaliación das actividades de orientación.
- ◆ Participar directamente nalgunhas actividades de orientación tales como actividade extraescolares, preparación do taboleiro informativo, elaboración e recopilación de materiais, etc.



#### **4. OBXECTIVOS**

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio e longo prazo que se irán enriquecendo anualmente con distintas aportacións, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa. Faise necesaria, entón, unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

- ◆ O papel relevante e a importancia que da a función orientadora no sistema educativa a LOE-LOMCE
- ◆ As funcións e os ámbitos de actuación do DO e da súa xefatura que se establecen no Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de xullo de 1998.
- ◆ A análise de necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e o seu contorno.
- ◆ Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa explícitas no PE.
- ◆ Os criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices da CCP.

##### **4.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- ◆ Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PE e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.
- ◆ Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
- ◆ Contribuír a identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe, e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.



- ◆ Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.
- ◆ Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as e na vida do centro.
- ◆ Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- ◆ Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- ◆ Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativas e, en particular, aos órganos de goberno do colexio, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en tódolos ámbitos.
- ◆ Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

## 4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### A) Con relación ao alumnado

#### 1) Desenvolvemento persoal e social

- ◆ Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no grupo clase.
- ◆ Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos no grupo.
- ◆ Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.
- ◆ Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con necesidades específica de apoio educativo.



- ◆ Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidade, posibilidades e intereses.
- 2) Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe
- ◆ Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
  - ◆ Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
  - ◆ Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.
  - ◆ Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e calidade de resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.
  - ◆ Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición das aprendizaxes instrumentais, básicas na educación primaria.
  - ◆ Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
  - ◆ Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos e curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con NEAE: alumnado con NEE, dificultades de aprendizaxe, etc.
- 3) Orientación académica
- ◆ Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como responsabilidade, perseveranza, toma de decisións, traballo en equipo, experimentación e creatividade.
- 4) Convivencia
- ◆ Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia,





respecto, solidariedade, etc, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.

- ◆ Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
  - ◆ Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.
- 5) Transición e coordinación entre etapas educativas
- ◆ Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio de Educación Infantil e ao alumnado inmigrante.

- ◆ Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

#### B) Con relación ás familias

- ◆ Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos.
- ◆ Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.
- ◆ Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnado con NEAE.

#### C) Con relación ao profesorado:

- ◆ Asesorar na elaboración dos documentos do centro.
- ◆ Proporcionar información acerca da normativa de desenrolo da LOE-LOMCE e da relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.
- ◆ Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forma parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.



- ◆ Recadar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- ◆ Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- ◆ Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
- ◆ Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- ◆ Coordinar o traballo das titorías e asesoralos no desempeño da función tutorial.
- ◆ Demandar a colaboración naquelas actividades propostas polo departamento.

D) Con relación a outras institucións e órganos externos

- ◆ Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación doutros centros.
- ◆ Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: saúde, servizos sociais, concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

## 5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realistas e efectivas.

En coherencia coas finalidades de orientación reguladas pola normativa e tras a análise de necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos uns obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora do noso centro.

Cumpre este momento a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén



referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias.

O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás NEAE que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenrolo doutras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas nos respectivos subplans que conforman este Plan de Orientación. De tódolos xeitos, podemos destacar as seguintes:

- ◆ Actuacións que teñan como obxectivo a atención á diversidade, e contribuír a elaboración das medidas pertinentes, en especial no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo, a través da:
  - ◆ Identificación temperá de necesidades.
  - ◆ Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que están recibindo os alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe.
  - ◆ Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro.
  - ◆ Asesoramento aos Departamentos Didácticos para que nas respectivas programacións incorporen distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
  - ◆ Elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- ◆ Desenvolver o Plan de Acción Titorial, especialmente no referido a:
  - ◆ Incorporación de contidos relacionados con habilidades sociais, autoestima, resolución pacífica de conflitos a través da mediación, dinámica de grupos e igualdade entre homes e mulleres.
  - ◆ Desenvolvemento das competencias clave.



- ◆ Revisar e reelaborar o Plan de Acción Titorial.
- ◆ Asesorar ao alumnado sobre os diferentes itinerarios académicos e profesionais, permitíndolles tomar unha decisión sobre o seu futuro académico dunha forma responsable e consciente:
  - ◆ Axudar ao alumando a adquirir un maior coñecemento de si mesmo: posibilidades, aptitudes, características persoais, etc.
  - ◆ Informar da oferta educativa entre o alumnado, incidindo nas condicións de acceso, características, titulacións, etc.
  - ◆ Facilitar ao alumnado coñecementos sobre o mundo socio-laboral.
  - ◆ Establecer accións específicas dirixida a fomentar a igualdade no acceso á formación profesional e ós estudos universitarios.
  - ◆ Asesorar ó alumnado en situación de risco ou abandono escolar.
  - ◆ Elaboración do plan de preparación para a ESO e do POAP.
- ◆ Actuacións en relación á promoción da convivencia:
  - ◆ Colaborar na elaboración do Plan de Convivencia.
  - ◆ Colaborar no deseño, posta en marcha e avaliación de actividades que promovan unha boa convivencia entre o alumnado e toda a comunidade educativa.
  - ◆ Mellorar o funcionamento e organización da aula de convivencia.
- ◆ Actuacións encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e abandono temperá dos estudos:
  - ◆ Colaborar na aplicación do protocolo de absentismo escolar.
  - ◆ Asesorar ás familias sobre a importancia da asistencia a clase.
- ◆ Actuacións encamiñadas a promover a igualdade entre os homes e as mulleres:
  - ◆ Colaborar na elaboración e aplicación do Plan de Igualdade.
  - ◆ Colaborar no deseño, posta en marcha e avaliación de actividades que promovan a igualdade entre os membros de toda a comunidade educativa.



## 6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos formulados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans:

- ◆ A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
- ◆ A importancia da participación activa dos mentres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- ◆ A importancia dos titores como coordinadores dos equipos docentes, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- ◆ As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación...e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con NEAE.
- ◆ O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos...que sirvan de punto de partida de reflexión e acción conxuntas en tódolos ámbitos da acción educativa.
- ◆ O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.
- ◆ O apoio a asesoramento á comunidade educativa constituirá o eixe central da intervención: o primeiro que temos que ter en conta é a organización da orientación no noso Sistema Educativo en tres niveis de actuación interdependentes (a acción titorial o Departamento de



Orientación e os Equipos Específicos ou de Sector) cada un subsidiario do anterior. O DO actúa sobre o proceso educativo fundamentalmente a través do seu apoio e asesoramento á labor docente (podendo abordar dun xeito directo tarefas máis especializadas) e a súa labor será apoiada, pola súa vez, pola intervención do Equipo Específico.

- ◆ Así, o DO actuará fundamentalmente contribuíndo a dotar á comunidade educativa dunha maior capacidade para apoiar o desenvolvemento integral das persoas, promovendo e facilitando a implicación e a formación necesaria dos distintos axentes.
- ◆ A consulta colaborativa como modelo de asesoramento: No que atinxe ao proceso de apoio e asesoramento, actuaremos dun xeito facilitador, non directivo, axudando aos distintos axentes a identificar as súas necesidades, establecer metas consensuadas, e poñer en marcha as estratexias e mecanismos adecuados para chegar a elas. E farémolo no marco dun modelo de asesoramento, o de consulta colaborativa (descrito por Bisquerra, 1998), que implica o traballo nun contexto de colaboración e participación, buscando o maior grao de consenso e sintonía no desenvolvemento de cada actuación.
- ◆ O impulso dos mecanismos organizativos e o clima relacional que facilite o intercambio de comunicación e a colaboración entre todos os sectores. É fundamental abrir canles e impulsar mecanismos de comunicación entre todas as persoas e instancias implicadas no proceso (tanto internas como externas aos centros). Esta labor se considerará prioritaria e conlevará boa parte das accións previstas para este departamento, relacionadas no apartado anterior. De entre elas, convén resaltar aquí, pola súa importancia estratéxica para o bo desenvolvemento das tarefas orientadoras, as que teñen que ver con:
  - A creación de espazos para a reflexión do profesorado sobre a súa práctica docente, nun clima de respecto e aceptación que contribúa a estimular a avaliación formativa e a impulsar as iniciativas innovadoras.



- A promoción dunha maior participación do alumnado nas decisións sobre o proceso educativo, como destinatarios/as últimos/as de todas as nosas accións, que nos axudará a guiar dito proceso, ao tempo que contribuirá á súa identificación cos valores democráticos e a xerar un sentimento de pertenza ó centro.
- O achegamento ás familias, promovendo a súa colaboración cos outros axentes educativos, desde a confianza e o respecto, establecendo vías de comunicación que partan do diálogo e a independencia mutua.
- ◆ Énfase na prevención e a promoción de cambios a nivel institucional. Este plan implica principalmente actuacións de carácter proactivo, de acordo cun modelo esencialmente preventivo e, máis aínda, promotor da saúde, na medida en que pretende dotar á comunidade educativa dos recursos necesarios para contribuír a un desenvolvemento óptimo das persoas. Tamén se contemplan actuacións en certo modo reactivas fronte ás demandas que poidan xurdir durante o curso por parte dos/as docentes, alumnado, familias... Pero incluso nestes casos, as actuacións promoverán no posible unha intervención a nivel institucional, e non só individual, na liña da intervención sistémica proposta e coa intención de influír na mellora da calidade da educación.
- ◆ Flexibilidade das propostas. Entendemos a implementación desta programación como un proceso no que a mesma se irá avaliando de xeito continuo e modificando, “sobre a marcha” cando sexa necesario para acadar os obxectivos (as reunións do departamento serán o espazo onde se avanzará colexiadamente neste senso)
- ◆ Reunións e outros espazos de traballo e coordinación: teñen especial importancia estratéxica as seguintes reunións de coordinación e os espazos de traballo creados no centro:
  - Reunións de coordinación interna do D.O.
  - Reunións da CCP, á que elevaremos as nosas propostas, presentaremos pautas de actuación, informaremos do seguimento



dos distintos programas..., mentres este órgano nos marcará directrices, prioridades, propostas de mellora...

- Reunións do Claustro e Consello Escolar, onde se elevarán determinadas propostas para ser aprobadas (as incluídas no PAT e POAP, realización de determinadas actividades extraescolares e complementarias, ou criterios organizativos que permitan desenvolver con maior facilidade os programas...)
  - Reunións trimestrais dos equipos docentes, nas sesións de avaliación, que é fundamental aproveitar por ser un dos escasos momentos que adoitamos ter en educación secundaria para facer balance, novas propostas... do traballo de orientación e tutoría para un grupo concreto. (De aí a importancia de organizar axeitadamente o horario para que o/a orientador/a poida asistir ás sesións de todos os grupos)
  - Reunións coa xefatura de estudos, fundamentais dado o carácter indirecto da maior parte das actuacións do DO, que fai necesaria a intervención desta instancia á hora de darlle forma organizativa ás propostas.
  - Reunións semanais ou quincenais ou cada vez que se precise co profesorado de AL e PT para a coordinación da atención ao alumnado con NEAE.
  - Reunións co Equipo de Orientación Específico, para o deseño, posta en marcha e valoración de accións que requiran un alto grao de especificidade.
  - Reunións con axentes externos ao centro, para concretar as actividades que se establecen nos distintos programas e/ou iniciar novas liñas de colaboración.
- ◆ Co alumnado, a instrumentalización do grupo-clase. A formación do profesorado no traballo con grupos será esencial para a intervención en todos os ámbitos contemplados neste plan.
  - ◆ Constructividade e interactividade como estratexias de aprendizaxe e o papel mediador do/a educador/a. As actividades propostas irán





encamiñadas a promover a aprendizaxes significativas e funcionais, as interaccións entre iguais así como as interaccións bidireccionais co profesorado, que actuará como facilitador da aprendizaxe.

- ◆ O centro como contexto de participación democrática.
- ◆ A intervención enfocada á construción de actitudes saudables e o uso da estratexia cuádrupla como modelo de intervención. Tanto no deseño como na implementación e por tanto na avaliación de todos os programas se terá en conta que as actitudes teñen tres compoñentes, tal como explicabamos noutro apartado, e que o afectivo, tradicionalmente esquecido, é esencial na súa configuración. Por iso, os programas incluírán actividades que permitan traballar os aspectos afectivos das actitudes implicadas (por exemplo, xogos e dramatizacións, campos simbólicos, etc...) A formación do profesorado nestas estratexias metodolóxicas será tamén unha das prioridades neste plan.
- ◆ Integración das actividades nas áreas do currículo. Cada programa, ademais das actividades para desenvolver na hora de titoría, incluírá actividades para desenvolver a través dalgúns áreas do currículo
- ◆ Globalidade e interdisciplinabilidade dos contidos traballados, facilitado polo feito de que hai bloques de contido dalgúns programas intimamente relacionados con outros bloques de distintos programas.
- ◆ Adaptación do ensino presencial a un ensino mixto ou de ser o caso a un ensino non presencial. Se a situación o require e non é posible unha intervención de xeito presencial como consecuencia da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 esta intervención realizarase por medios telemáticos e telefónicos por medio da Aula Virtual do centro, a páxina web do mesmo, a plataforma de videoconferencia Cisco Webex, o correo electrónico e teléfono.



## 6.1. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O noso centro educativo, a día de hoxe, non conta cun Plan Xeral de Atención á Diversidade actualizado. Dito isto, unha das actuacións do actual Departamento de Orientación será a elaboración dun borrador, tendo en conta as directrices que dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica se indiquen.

## 6.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A continuación indícanse as liñas prioritarias de actuación referente á acción titorial, expoñendo de maneira moi xeral as temáticas a abordar durante as titorías no caso da ESO. Ante a situación provocada polo COVID en 2020, comezamos o curso 2021-22 cunha valoración do estado emocional do alumnado ante a crise, para poder actuar en cada grupo clase segundo a incidencia do problema. Continuamos con actividades de tipo xeral coordinadas co profesorado titor de cada nivel seguindo o bloque de contidos que se presenta a continuación.

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>
A acción titorial ten carácter de coordinación docente encargada de atender ás dificultades de aprendizaxe dos alumnos/as, de facilitar a integración destes no grupo-aula e na vida do centro, de canalizar os seus problemas e inquietudes, de canalizar o seu proceso de avaliación, de informar ás familias de todo o concernente á educación dos seus fillos/as e de actuar como mediadores entre as familias, alumnado e profesorado.



## OBXECTIVOS

- ◆ Previo á matrícula do alumnado:
  - Ofrecer información sobre os estudos de ESO que se imparten no centro e levar a cabo as actuacións de acollida dos futuros estudantes.
- ◆ Durante a instancia no CPI:
  - Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no centro, e promover un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.
  - Obter e seleccionar datos e información sobre o alumnado individual e colectivamente para poñelo a disposición do resto do profesorado.
  - Axudar e orientar o alumnado sobre o seu rendemento académico, colaborando na ensinanza de hábitos e actitudes positivas para o estudo e de técnicas de traballo intelectual.
  - Facilitar o desenvolvemento harmónico das programacións do profesorado do grupo, a través da coordinación dos procesos de avaliación e da adopción de medidas educativas para dar resposta ás necesidades detectadas.
  - Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio no proceso de ensino-aprendizaxe.
  - Contribuír o carácter integral da educación, favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.
  - Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
  - Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e de toma de decisións respecto ó futuro académico e profesional.
  - Contribuír a adquisición da Competencia Social e Cidadá do alumnado.
  - Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
  - Favorecer a adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- ◆ O remate dos estudos:



- Facilitar información sobre as distintas opcións académicas e profesionais, que ten o alumnado cando abandone o centro e emitir o Consello Orientador.

### EDUCACIÓN INFANTIL

- ◆ Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acolida.
- ◆ Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal á familia, de cara á obtención da información necesaria.
- ◆ Cumprimentación dos documentos de avaliación.
- ◆ Análise do expediente persoal do alumnado.
- ◆ Realización das reunións xerais coas familias que se determine para informarlles de todo o relativo ao proxecto educativo.
- ◆ Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- ◆ Promoción da coordinación entre as etapas de Infantil e Primaria.
- ◆ Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumno/a.
- ◆ Elaboración dun informe escrito trimestral que recolla os datos sobre os progresos e dificultades detectadas na consecución dos obxectivos establecidos na programación.
- ◆ Control e informe de incidencias (puntualidade, absentismo...).
- ◆ Participación no deseño e implementación de programas que contribúan á mellora do proceso educativo.
- ◆ Coordinación da acción común do profesorado do mesmo grupo de alumnos/as.
- ◆ Coordinar o seguimento da evolución do grupo e toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- ◆ Transmitir ao profesorado toda a información sobre o alumnado que poida ser útil para o desenvolvemento das súas tarefas docentes.

### EDUCACIÓN PRIMARIA

- ◆ Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acolida.
- ◆ Realización da avaliación inicial.
- ◆ Realización das reunións xerais coas familias.
- ◆ Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- ◆ Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecta á educación dos seus fillos/as.
- ◆ Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo.



- ◆ Organización das sesións de avaliación, coordinando todo o relativo á intervención educativa.
- ◆ Actualización do expediente do alumnado.
- ◆ Control e informe das incidencias (puntualidade, absentismo...).
- ◆ Cumprimentación dos documentos de avaliación.
- ◆ Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas.
- ◆ Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.
- ◆ Coordinar o seguimento da evolución do grupo e toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- ◆ Transmitir ao profesorado toda a información sobre o alumnado que poida ser útil para o desenvolvemento das súas tarefas docentes.
- ◆ Incidir na adquisición e mellora do hábitos de traballo.
- ◆ Participación en 6º no deseño e desenvolvemento do programa de preparación para a educación secundaria obrigatoria.

### 1º ESO

- ◆ Cuestionario inicial.
- ◆ Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no centro.
- ◆ Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- ◆ Coñecer as características fundamentais da nova etapa (avaliación, promoción...).
- ◆ Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
- ◆ Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- ◆ Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe común ás distintas áreas.
- ◆ Presentación de métodos de estudo.
- ◆ Coñecemento do sistema educativo e das opcións e materias optativas dos próximos cursos.
- ◆ Temas transversais: charlas de educación para a saúde do concello, educación para a igualdade, utilización do ocio e tempo libre, educación sexual...
- ◆ Actividades de coñecemento de si mesmo, autovaloración e autoestima.
- ◆ Técnicas de responsabilidade grupal.
- ◆ Programa de Habilidades Sociais e Benestar emocional
- ◆ Os micromachismos
- ◆ Hábitos saudábeis: alimentación e hixiene



## 2º ESO

- ◆ Cuestionario inicial.
- ◆ Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no centro.
- ◆ Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- ◆ Coñecer as características fundamentais da nova etapa (avaliación, promoción...).
- ◆ Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
- ◆ Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- ◆ Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe común ás distintas áreas.
- ◆ Presentación de métodos de estudo.
- ◆ Coñecemento do sistema educativo e das opcións e materias optativas dos próximos cursos.
- ◆ Temas transversais: charlas de educación para a saúde do concello, educación para a igualdade, utilización do ocio e tempo libre, educación sexual...
- ◆ Actividades de coñecemento de si mesmo, autovaloración e autoestima.
- ◆ Técnicas de responsabilidade grupal.
- ◆ Programa de Habilidades Sociais e Benestar emocional
- ◆ Os micromachismos
- ◆ Hábitos saudábeis: alimentación e hixiene

## 3º ESO

- ◆ Cuestionario inicial.
- ◆ Favorecer a integración do alumnado no grupo, no centro, procurando a formación dun grupo unido e cohesionado.
- ◆ Desenvolver hábitos de traballo e comportamento para favorecer a súa adaptación escolar.
- ◆ Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas áreas.
- ◆ Seguir afondando en técnicas de aprendizaxe e estudo aprendidas anteriormente.
- ◆ Consolidar un hábito de traballo na casa.
- ◆ Traballar o tema dos conflitos.
- ◆ Programa de Habilidades Sociais e Benestar emocional
- ◆ Educación e diversidade afectivo-sexual



## 4º ESO

- ◆ Cuestionario inicial.
- ◆ Orientar o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- ◆ Realizar o seguimento do alumnado con materias pendentes apoiando as medida de recuperación.
- ◆ Detección e tratamento máis personalizado das dificultades de estudo.
- ◆ Técnicas de traballo intelectual: realización de exames, traballos monográficos, toma de apuntes...
- ◆ Programa de Habilidades Sociais e Benestar emocional
- ◆ Programa específicos de orientación académica e profesional.
- ◆ O tema ecolóxico.
- ◆ Coeducación e igualdade: prevención da violencia machista

## TEMPORALIZACIÓN

### 1º trimestre:

- ◆ Posta en marcha do curso e titorías.
- ◆ Confección de horarios.
- ◆ Liñas a seguir.
- ◆ Elaboración de materiais.

### 2º trimestre

- ◆ Valoración dos resultados da avaliación.
- ◆ Campañas de reforzo para o logro dos obxectivos.
- ◆ Semana cultural.
- ◆ Proposta de adquisición de novos materiais.

### 3º trimestre

- ◆ Valoración dos resultados de avaliación.
- ◆ Revisión da disciplina e comportamento dos distintos grupos.
- ◆ Avaliación final

## RECURSOS

- ◆ Orienta Line.
- ◆ Aula Virtual do centro
- ◆ Manuais de titoría de After.



- ◆ Programa para o desenvolvemento persoal e social da Xunta de Galicia.
- ◆ Tengo que decidirme, Me decido e Tú decides.
- ◆ A experiencia de educar para a saúde na escola da Xunta de Galicia.
- ◆ Programa de acción tutorial para ESO. Wolters Kluwer. Educación Emocional e Intercultural. Wolters Kluwer.

#### AVALIACIÓN

A avaliación será realizada polo Departamento de Orientación en consecución cos titores/as implicados. As conclusións da avaliación presentaranse na memoria do D.O e na Memoria Anual de Curso. Para ilo terase en conta:

- ◆ O logro dos obxectivos propostos.
- ◆ A adecuación da programación de aula ó PAT.
- ◆ O cumprimento e desenvolvemento das actividades e estratexias.

### 6.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A orientación académica e profesional é unha das tarefas máis importantes encomendadas tradicionalmente aos centros educativos e de modo especial aos titores/as e aos Departamentos de Orientación.

No vixente Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados sinálase como funcións dos Departamentos de Orientación a de “contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, especialmente no que se refire aos cambios de etapa e á elección entre distintas opcións académicas, formativas e profesionais”. Outra das funcións é participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumno debe elaborarse ao terminar a ESO.

Así mesmo, entre as funcións do titor/a indícase “participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co DO do centro.

Actualmente esta importancia transformouse en ineludible necesidade e asunto de especial atención na nosa sociedade actual en continuo cambio, que incide en todos os ámbitos da vida persoal e das relacións sociais. En efecto, a





evolución socio-laboral e profesional é moi rápida e pode preverse que moitos dos nosos alumnos/as cambiarán de ocupación varias veces na súa vida, e incluso moi probablemente terán que abordar a alternancia de períodos de emprego con outros de paro. De aí, a importancia da orientación académica e profesional no seno da educación. A continuación, inclúense as liñas e actuacións prioritarias atendendo a esta rama:

<b>PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>
<p>A OAP terá como obxecto axudar ós alumnos/as ó longo da etapa de ESO a analizar e valorar as súas preferencias académico-profesionais para que poidan formular libremente e responsablemente a súa decisión persoal.</p> <p>Será tratada en toda a ESO de xeito progresivo, así en 1º, 2º e 3º incidirase no autoconhecimento e na aprendizaxe de toma de decisións, e en 4º no coñecemento das alternativas que se lle presenta ó rematar a escolaridade obrigatoria.</p>
<b>OBXECTIVOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Axudar ó alumnado no coñecemento de si mesmo, da estrutura do sistema educativo, do ámbito socio-laboral e a descubrir o seu papel e a súa situación persoal na sociedade.</li> <li>◆ Proporcionar ó alumando medios para descubrir os coñecemento do apartado anterior.</li> <li>◆ Apoiar na toma de decisións respecto o seu futuro académico e profesional.</li> <li>◆ A OAP irá encamiñada fundamentalmente a que o alumnado aprendan a decidir de xeito realista e planificado baseándose nun coñecemento axeitado de:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dos seus propios intereses, capacidades e recursos.</li> <li>• Das opcións que lle ofrece o sistema educativo español.</li> <li>• Das posibilidades de inserción laboral no entorno próximo e máis lonxe.</li> <li>• De sistemas de bolsas das que poden desfrutar.</li> </ul> </li> </ul>
<b>LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓNS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Programa de transición de Primaria á Secundaria.</li> <li>◆ Aplicación de cuestionarios sobre intereses profesionais.</li> <li>◆ Escalas de autoavaliación que faciliten o coñecemento dun mesmo e das aptitudes persoais.</li> </ul>



- ◆ Utilización dos programas informáticos de Orientación, e de páxinas Web en internet.
- ◆ Sesións informativas sobre o sistema educativo.
- ◆ Información dos itinerarios do centro e a súa relación con estudos posteriores.
- ◆ Acceso ós plans de estudos das diferentes titulacións.
- ◆ Xornadas sobre estudos universitarios a cargo de profesores universitarios, por exemplo Programa A Ponte USC.
- ◆ Coñecemento dos estudos e das profesións a través de materias escolares.
- ◆ Familiarización con distintos tipos de impresos (solicitud de la beca MEC, universidade, ciclos...).

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

- ◆ Tratamento das profesións
- ◆ Achegamento á etapa de Primaria
- ◆ Programa de transición

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

- ◆ Plan de preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.
- ◆ Coñecemento 1º curso de ESO

### **1º ESO**

- ◆ Aplicación na hora semanal de tutoría dun programa de orientación vocacional que incidirá no autoconhecimento (test de valores, habilidades e intereses profesionais), e no coñecemento da etapa de ESO (entrega dun caderno de información sobre a etapa educativa).
- ◆ Coñecemento do 2º curso de ESO

### **2º ESO**

- ◆ Aplicación na hora semanal de tutoría dun programa de orientación vocacional que incidirá no autoconhecimento (valores, personalidade, afeccións, aptitudes), no coñecemento da etapa e sistema educativo (entrega caderno académico), e no coñecemento das profesións (elaboración dun profesiograma).
- ◆ Coñecemento do 3º ESO
- ◆ Outras opcións do sistema educativo: FP básica, PMAR...



### 3º ESO

- ◆ Aplicación na hora semanal de titoría do programa de orientación vocacional, que incidirá no autoconhecimento, coñecemento etapa e sistema educativo (caderno de información académica), e na toma de decisións (enquisa para a elección do itinerario de 4º).
- ◆ Coñecemento do 4º curso da ESO. Achegamento ó bacharelato e a formación profesional
- ◆ Sesión informativa da orientadora para o alumnado.

### 4º ESO

- ◆ Aplicación na hora semanal de titoría do programa de orientación vocacional que incidirá no autoconhecimento (aplicación do test de preferencias profesionais secundaria de Yuste), no coñecemento dos estudos escollidos ó rematar 4º (entrega caderno información académica), e na toma de decisións.
- ◆ Orientación individualizada a alumnado sobre alternativas en caso de non titular: probas de acceso, educación de adultos, FP básica, etc.
- ◆ Coñecemento dos prazos e procedementos de preinscripción e matrícula.
- ◆ Residencias e bolsas de estudo.
- ◆ Manexo do programa informático "Orienta" de Julián Sábada.
- ◆ Sesión informativa da orientadora para o alumnado e familias
- ◆ Coñecemento de 1º bacharelato.
- ◆ Achegamento a FP de grao medio e superior. Universidade. Réxime Especial

### AVALIACIÓN

- ◆ Enquisa de satisfacción ós titores/as e alumnado.
- ◆ Participación e implicación do alumando nas sesións de orientación.
- ◆ Criterios de avaliación:
  - Grao de consecución dos obxectivos propostos.
  - Valorar a adecuación das actividades segundo as necesidades.
  - Valorar o grao de implicación e satisfacción dos titores/as, alumnado e familias.
  - Analizar se os canles de coordinación e reparto de responsabilidades axudaron a lograr os obxectivos propostos.
  - Valorar a adecuación das actividades ós intereses do alumnado.
  - Analizar a adecuación das técnicas e recursos empregados.



## 6.4. PLAN DE CONVIVENCIA E PLAN DE IGUALDADE

O noso centro educativo conta cun Plan de Convivencia que necesita ser re-elaborado tendo en conta as necesidades actuais presentes en todos os membros da comunidade educativa. De aí, que unha das actuacións do DO en consonancia coa Comisión de Convivencia sexa a indicada anteriormente, dándolle un maior sentido o plan e unha maior funcionalidade.

Igualmente, está en fase de borrador o Plan de Igualdade que formará parte do Proxecto educativo, e que se desenvolverá anualmente no marco da súa Programación Xeral Anual.

A súa elaboración será responsabilidade do equipo directivo, que poderá contar coa colaboración do Departamento de Orientación e do persoal con formación en igualdade. De aí que sexa outras das actuacións que se establecerán dende o noso departamento.

Os principios nos que se baseará este plan son: valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidade e visibilidade.

Máis alá disto, dende este Departamento de Orientación establécese un programa de igualdade e promoción de convivencia, cunha serie de actuacións prioritarias que se describen a continuación.

### PLAN DE CONVIVENCIA E PLAN DE IGUALDADE

#### INTRODUCCIÓN

O clima relacional do centro é unha variable de transcendencia fundamental no proceso educativo. Se o centro é unha comunidade inclusiva onde se aceptan e respectan as diferencias, se promove a participación e se integran as distintas aportacións dun xeito consecuente cos valores democráticos, teremos moito camiño andado na dirección adecuada. Para isto, consideramos necesario poñer en marcha un programa con actuacións específicas que agora presentamos, entre as que van ter un lugar fundamental a formación do profesorado nos procesos grupais, así como as actuacións promotoras da participación e as aportacións de todos os sectores e membros da comunidade educativa.



### OBXECTIVOS

- ◆ Promover no centro e nas aulas o clima relacional adecuado para apoiar o desenvolvemento psicoafectivo e a inserción social do alumnado.
- ◆ Promover a igualdade de oportunidades e o máximo desenvolvemento posible das capacidades de todo o alumnado
- ◆ Previr situacións de fracaso e/ou abandono escola
- ◆ Previr situacións de discriminación e desigualdade por razóns culturais, de xénero ou calquera outro factor de diferenciación.

### CONTIDOS

- ◆ Educación para a convivencia e a paz.
- ◆ Habilidades sociais e resolución de conflitos.
- ◆ Procesos grupais.
- ◆ Escola inclusiva.

### ACCIÓNS PRIORITARIAS DO

- ◆ Colaborar na elaboración do Plan de Convivencia do centro ou do resto dos documentos que no centro orientan a práctica educativa.
- ◆ Propostas á CCP para a inclusión da educación para a convivencia e para a paz, así como coeducación, no currículo a través de tódalas áreas.
- ◆ Proposta de actividades no PAT para contribuír á cohesión do grupo e á construción de actitudes de respecto e solidariedade.
- ◆ Canalizar as suxerencias do alumando en relación ás NOF deitas dende as reunións de titoría ou dende a xunta de delegados/as.
- ◆ Colaboración co ED e profesorado titor na preparación das sesións de presentación para as familias e na elaboración de dossiers onde figure calendario escolar, calendario de avaliacións, entregas de notas, normas de convivencia...
- ◆ Primeiro contacto e acollida das familias do alumnado de nova incorporación ó centro, para impulsar a súa colaboración no proceso educativo dende o inicio.
- ◆ Asesoramento ó profesorado sobre os procesos grupais.
- ◆ Asesoramento ó profesorado e ás familias para a análise das claves actitudinais que están detrás dos comportamentos agresivos e violentos.
- ◆ Asesoramento individualizado ás familias ante as dificultades para poñer límites e para negociar normas.



## 6.5. PROGRAMA DE APRENDER A APRENDER

PROGRAMA DE APRENDER A APRENDER
INTRODUCCIÓN
<p>Este programa de intervención xira en torno á aprendizaxe e á adquisición de diversas técnicas de estudo e de técnicas de traballo intelectual, as cales son utilizadas por cada un dos alumnos/as dependendo das características individuais de cada un deles.</p> <p>A súa finalidade é mellorar a aprendizaxe e a adquisición de competencias propostas no currículo, así como diminuír desta maneira o fracaso escolar.</p>
OBXECTIVOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Favorecer no alumnado a posta en práctica de técnicas de estudo.</li> <li>◆ Desenvolver a aprendizaxe autónoma no alumnado.</li> <li>◆ Fomentar a motivación ante o estudo .</li> <li>◆ Interiorizar pautas de actuación ante novas e tensas situacións académicas.</li> </ul>
CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Factores externos ó estudo: lugar, espazo, condicións luminosidade..</li> <li>◆ Autoconecemento do método de estudo</li> <li>◆ Hábitos e técnicas de estudo</li> <li>◆ Método: LREMR</li> <li>◆ Estratexias de pensamento: Thinking maps, rutinas de pensamento e mapas mentais</li> <li>◆ A creatividade</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Será levado a cabo durante o primeiro trimestre e segundo trimestre</li> </ul>
METODOLOXÍA
<p>Activa, dinámica e participativa. Traballarase unha aprendizaxe baseada en técnicas de estudo, de forma sinxela e próxima o alumnado. Empregaranse recursos TIC para facilitar o ensino mixto ou de ser o caso, se as condicións o requiren a distancia.</p>
AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Inicial: para coñecer o punto de partida e coñecementos previos do alumnado con respecto ás técnicas de traballo para aprender a estudar de maneira significativa.</li> <li>◆ Avaliación formativa: durante todo o proceso tendo en conta os obxectivos formulados en cada sesión programa, así como na medida na que se conseguiu.</li> </ul>



## 6.6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E BENESTAR EMOCIONAL

A lexislación que xere a nosa Comunidade Autónoma indica que os Departamentos de Orientación deben elaborar un programa de habilidades sociais (anexo IV), máis alá dos casos mencionados no artigo 24 do Decreto 8/2015 que fai referencia a este programa como medida complementaria para a mellora da convivencia. Este curso, como consecuencia da situación vivida o 3º trimestre do curso académico 2019-2020 causada pola situación de emerxencia sanitaria da COVID-19 este programa centrarase ademais en facilitar o benestar emocional do alumnado.

<b>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E BENESTAR EMOCIONAL</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>
Este programa está deseñado para fomentar a cohesión grupal e un bo clima de convivencia así como coa finalidade de desenvolver a empatía, a cooperación e a solidariedade, fomentando o respecto ás diferenzas. E propiciar o benestar emocional do alumnado tras a situación de pandemia sanitaria da COVID-19 facilitando a xestión emocional.
<b>OBXECTIVOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Desenvolver o coñecemento intergruparal.</li> <li>◆ Fomentar a cooperación e a confianza intergruparal.</li> <li>◆ Desenvolver actitudes de respecto e tolerancia cara as diferenzas.</li> <li>◆ Desenvolver a autoestima dos individuos que compoñen o grupo.</li> <li>◆ Mellorar a comunicación intergruparal.</li> <li>◆ Mellorar a capacidade de expresión emocional, xestión emocional e resiliencia do alumnado</li> <li>◆ Recuperar as relacións persoais e a convivencia no centro escolar.</li> <li>◆ Promover un acompañamento emocional do alumnado por parte de todo o profesorado, para así poder detectar aqueles casos en que aparezan dificultades socio-emocionais</li> </ul>
<b>CONTIDOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Cooperación</li> <li>◆ Cohesión grupal</li> <li>◆ Autoestima</li> </ul>



- ◆ Comunicación
- ◆ Empatía
- ◆ Intelixencia emocional: conciencia, xestión, regulación e expresión
- ◆ Resiliencia

#### **TEMPORALIZACIÓN**

Será levado a cabo durante o primeiro e segundo trimestre

#### **METODOLOXÍA**

A metodoloxía será principalmente participativa, de traballo grupal. Utilizarase a reflexión sobre dilemas morais, a dramatización, a análise de casos, a choiva de ideas, debates, etc. Empregaranse recursos TIC para facilitar o ensino mixto ou de ser o caso, se as condicións o requiren a distancia.

#### **AVALIACIÓN**

- ◆ Avaliación inicial: para coñecer o punto de partida e orixe dos alumnos/as, é dicir, dos coñecementos previos que posúen con respecto ás técnicas de traballo para aprender a estudar de maneira significativa.
- ◆ Avaliación formativa: durante todo o proceso tendo en conta os obxectivos formulados en cada sesión programa, así como na medida na que se conseguiu.

### **6.7. PROGRAMA DE ACOLLIDA**

Todos os centros educativos deben contar cun plan de acollida para o alumnado novo e así mellorar a súa adaptación aos mesmos. A continuación recóllense as liñas prioritarias de maneira resumida deste plan de acollida, que será aprobado durante o curso académico polo claustro de profesores e consello escolar, unha vez estea completamente definido e especificadas pormenorizadamente as actuacións.

#### **PROGRAMA DE ACOLLIDA**

#### **INTRODUCCIÓN**

O plan de acollida é o conxunto de actuacións planificadas que se levarán a cabo no noso centro nos momentos iniciais de chegada do novo alumnado e a súa familia para propiciar unha adecuada integración no novo ámbito escolar.





O que se pretende é facilitar a incorporación do alumnado e familias á vida escolar do noso centro, recibilo, presentarlle as instalacións, informarlles sobre o funcionamento interno do noso centro..., aspectos que facilitan e promoven un bo clima de convivencia.

### OBXECTIVOS

- ◆ Favorecer a inclusión dos novos alumnos/as no centro.
- ◆ Fomentar a inclusión do alumnado procedente do estranxeiro, se fose o caso.
- ◆ Facilitar o proceso de acollida e integración para previr situacións de inadaptación, ansiedade, illamento, baixo rendemento escolar e absentismo.
- ◆ Establecer unha primeira e axeitada comunicación entre os centros e as familias.
- ◆ Orientar ás familias sobre aqueles aspectos que permitan a adaptación dos seus fillos/as á nova etapa educativa.
- ◆ Orientar ó profesorado a través dun intercambio de datos, documentación...
- ◆ Promover a coordinación entre os centros de primaria e dos de procedencia do alumnado co noso centro
- ◆ Mellorar a convivencia do centro.

### ACTUACIÓNS

#### A) Actuacións na etapa de Educación Infantil

- ◆ Na matriculación: o equipo directivo recibirá as familias, realizando unha función informativa básica acerca da escola e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipáselles que no mes de xuño serán convocadas a unha primeira reunión.
- ◆ Durante a 1ª quincena de xuño: o equipo docente analizará os datos do novo alumnado admitido. Se hai alumnado con NEAE o DO terá un 1º contacto coas familias.
- ◆ Durante a 2ª quincena de xuño: o equipo de EI fará unha xuntanza informativa xeral coas familias, e realizarase a visita ao centro do alumando xunta coa súa familia.
- ◆ Durante a 1ª quincena de setembro: o equipo de EI estudará a realidade do alumnado, entrevista persoal coas familias e decidirá o momento de incorporación de cada neno.
- ◆ Durante a 2ª quincena de setembro: primeiro día de xornada completa.

#### B) Actuacións co primeiro curso da ESO.

- ◆ Accións co alumnado:
  - Presentación da ESO.
  - Preparación da visita en xuño “Xornada de portas abertas”.\*\*
  - Inicio do curso en setembro: convócase o alumnado de 1º ESO que logo serán recibidos polos seus titores/as onde lle ofrecerán distinta información.



◆ Accións co profesorado:

- Intercambio de información cos centros de primaria.
- Cuestionario con información esencial sobre o alumnado.
- Selección de titores/as de 1º de ESO.
- Reunión do orientador/a e os titores/as antes do comezo de curso.
- Sesións de tutoría con actividades de coñecemento e integración do grupo.
- Avaliación inicial.

◆ Accións coas familias:

- Reunión do equipo directivo e orientador/a coas familias a finais de xuño.
- No mes de setembro realízase unha reunión coas familias do alumnado de 1º ESO para darlles a benvida e ter un encontro cos titores/as correspondentes.

**C) Actuacións alumnado procedente do estranxeiro.**

- ◆ Funcións de cada un dos compoñentes da Comunidade Educativa (equipo directivo, claustro, consello escolar, CCP, Departamentos Didácticos, titores/as, DO, PT, alumnado, familias e PAS.
- ◆ Matriculación: ficha de recollida de información en varios idiomas, citación para a realización dunha entrevista coa familia e das probas de avaliación inicial.
- ◆ Entrevista coa familia dende Xefatura de Estudos: sistema educativo español, organización do centro, servizo de transporte, servizos sociais...
- ◆ Orientadora:
  - Recollida de información inicial.
  - Entrevista co alumno/a e proba de avaliación inicial
  - Adscrición a un curso-criterios de escolarización.
  - Acollida do alumno/a na aula.

**TEMPORALIZACIÓN**

Levaranse actuacións dende o mes de maio deste curso académico ata o último trimestre do mesmo. Igualmente, haberá actuacións para o curso seguinte, a inicio de setembro

**AVALIACIÓN**

Realizárase con carácter anual e baixo a responsabilidade do Equipo Directivo e DO, unha vez analizadas as valoracións dos distintos profesionais implicados a través da CCP. Así mesmo, as conclusións da avaliación presentaranse na memoria do DO e na Memoria Anual de Curso.



## 6.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

E.I	<p>***Sen concretar aínda.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆</li> </ul>
EP	<p>***Sen concretar moitas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Plan Director (5º e 6º).</li> <li>◆ Alimentación e nutrición (últimos cursos) a través de Cruz Vermella.</li> </ul>
ESO	<p>***Sen concretar moitas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Plan Director (Todos os grupos).</li> <li>◆ Campañas de sensibilización a través da Cruz Vermella (todos).</li> <li>◆ Alimentación e nutrición (todos) a través da Cruz Vermella.</li> <li>◆ Discriminación por razóns de orientación sexual (3º e 4º ESO) da Cruz Vermella.</li> <li>◆ Xornada sobre a universidade Programa A Ponte de USC (4º ESO).</li> <li>◆ FP Innova (4º ESO).</li> </ul>

## 7. CONTRIBUCIÓN DENDE O DEPARTAMENTO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave estarán implícitas no traballo diario co alumnado:

### A Competencia en comunicación lingüística

- ◆ Utilización e tratamento de diversas fontes, sobre todo orais, escritas e audiovisuais, como procedemento básico nos procesos de orientación e auto-orientación.
- ◆ Distinción da información relevante da que non o é, así como a valoración crítica da información presentada polos medios de comunicación sobre un mesmo feito.
- ◆ Identificación dos elementos que interveñen nas mensaxes publicitarias e valoración crítica das mensaxes que pretenden transmitir.
- ◆ Busca, análise e síntese da información escrita, así como argumentar, expoñer e defender os propios puntos de vista sobre un feito ou situación.



### B Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- ◆ Presentación e uso da información relativa á realidade social e profesional en termos matemáticos- estatísticas, fórmulas, gráficos e cadros, táboas, etc,...- tanto para interpretar a realidade como para aportar argumentos propios sobre os feitos sociais.
- ◆ Concepción das matemáticas como construción colectiva, ligada a esixencias sociais, que promovan transformacións sociais profundas.
- ◆ Desenvolvemento de programas de mellora para o razoamento matemático aplicable á resolución de situacións da vida cotiá.

### C Competencia dixital

- ◆ Valoración crítica do uso das TIC para a satisfacción das necesidades humanas.
- ◆ As TIC como oportunidade de acercamento interpersonal e social.
- ◆ Análise das TIC como instrumento para a inclusión social entre os diversos grupos sociais.
- ◆ Uso e tratamento de diversas fontes a través da competencia dixital.
- ◆ Emprego da aula virtual do centro
- ◆ Adaptación de todas as actuacións do DO a un ensino mixto e de ser o caso, a distancia, de producirse unha situación como a do curso pasado.

### D Competencia de aprender a aprender

- ◆ Desenvolvemento do pensamento crítico e reflexión individual.
- ◆ Desenvolvemento da capacidade de reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe para mellorar os procedementos máis adecuados.
- ◆ Estimulación da elaboración de conclusións e valoracións persoais argumentadas, favorecendo unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.
- ◆ Desenvolvemento da conciencia sobre as propias capacidades e das relacións entre intelixencia, emocións e sentimentos.

### E Competencias sociais e cívicas

- ◆ Desenvolvemento do coñecemento de si mesmo e da capacidade de establecer relacións construtivas, non agresivas, cos demais.



- ◆ Desenvolvemento de habilidades sociais, impulso do traballo en equipo e uso sistemático da argumentación na análise e valoración crítica de problemas e feitos sociais.
- ◆ Desenvolvemento da toma de decisións na relación social.
- ◆ Coñecemento e respecto dos valores cívicos, da democracia e dos dereitos humanos (liberdade, igualdade, dignidade, solidariedade...).
- ◆ Respetto e valoración da diversidade social e cultural como enriquecemento.

F *Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

- ◆ Coñecemento dos perfís profesionais e condicións laborais.
- ◆ Desenvolvemento da educación emocional, a asunción de responsabilidades e de riscos ante o éxito e o fracaso.

G *Conciencia e expresión cultural*

- ◆ Valoración e desenvolvemento da liberdade de expresión, a tolerancia e o acercamento entre culturas.
- ◆ Valoración das manifestacións culturais e artísticas como expresión de valores sociais compartidos.

## **8. METODOLOXÍA**

Todas as actuacións estarán debidamente planificadas e incardinadas no funcionamento do centro e no proceso de ensino- aprendizaxe, seguindo as directrices da CCP e as liñas de actuación do Proxecto Educativo. Interviremos dende os diferentes niveis de centro polas actuacións específicas do Departamento e a nivel de sector, con todos aqueles servizos externos, como os Equipos de Orientación Específico, centro de recursos e a Inspección Educativa, para integrar as actuacións no contexto. Así mesmo, é fundamental a colaboración cos servizos sociais e institucións ou asociacións do concello.

A cooperación coas familias será imprescindible, información de tódolos recursos educativos e sociais dos que se dispón, tratándoas de implicar ó máximo no seguimento da educación dos seus fillos/as.



Se a situación o require e non é posible un ensino presencial debido as consecuencias da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 todo o incluído neste Plan de Orientación realizarase facilitando o ensino mixto ou a distancia por medio da Aula Virtual do centro, a páxina web do mesmo, a plataforma de videoconferencia Cisco Webex, a plataforma Abalar e Edixgal.

Este curso crearemos na aula virtual do centro un apartado destinado ao Departamento de Orientación onde se subirán recursos e materiais elaborados para cada nivel educativo e tendo en conta os distintos destinatarios: alumnado, familias e profesorado.

De realizarse novamente a suspensión da actividade lectiva presencial, suporá a aplicación do Plan de Contixencia que se elabore dende o centro, ao abeiro do recollido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19.

O procedemento de comunicación dende o DO co alumnado, a súa familia e equipo docente será preferentemente, a través das plataformas e medios telemáticos corporativos.

De acordo co anterior, o labor do DO desenvolverase a través da aula virtual do centro e da súa páxina web, entorno virtual de aprendizaxe Edixgal (alumnado de 5º e 6º de Primaria do centro adscrito) así como a aplicación Cisco Webex.

Para aquel alumnado que non poda seguir a ensinanza telemática poderase aplicar algúns dos procedementos seguidos o curso anterior, tales como empregar unha dirección de correo electrónico facilitada pola familia ou recurrir á colaboración dos Servizos Sociais do concello, facendo chegar en ambos casos a intervención individualizada que sexa precisa.

## **9. RECURSOS EMPREGADOS**

Serán os do centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación programada, procurando un rendemento óptimo e o máximo aproveitamento dos recursos existentes:



- ◆ Humanos: profesorado, titores/as, orientadora, xefa de estudos, profesionais externos.
- ◆ Do contexto: EOE, centros de recursos, centros da zona, inspección educativa, concello, empresas...
- ◆ Materiais: lexislación educativa vixente, cuestionarios e test, programas específicos, medios informáticos e tecnolóxicos, bibliografía...
- ◆ Ademais:
  - Aula virtual do CPI.
  - Páxina web do centro
  - Plataforma Abalar
  - Entorno virtual de aprendizaxe Edixgal
  - Plataforma Cisco Webex
  - Badyg- M.
  - Matrices progresivas de Raven.
  - Proba de hábitos de estudos (IHE).
  - Outras probas diagnósticas (WISC, PROLEC, TEA, TALE, INJUVE, CARAS, BACES, IEG, d2, CONCEBAS...).

## 10. TEMPORALIZACIÓN

A avaliación inicial de necesidades e o deseño deste plan de orientación iníciase no mes de setembro. A posta en práctica do plan e o seu seguimento a partir de outubro. A programación de tempo está especificada para cada actividade en cada un dos ámbitos de intervención do plan, sen embargo, atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ó longo do curso, tendo en conta as prioridades educativas, persoais e de formación do alumnado.

A avaliación final, propostas de mellora e comunicación de resultados realizarase no mes de xuño, ó finalizar o curso académico.



## 11. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto cos outros plans do departamento. Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

### 11.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos formulados nel e veñen determinados por:

- a) A realización das actuacións previstas nos diferentes subplans.
- b) A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- c) A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- d) O grao de axuste á realidade do colexio.
- e) A resposta á diversidade.
- f) O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- g) O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da LOE-LOMCE.
- h) A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e participación na vida do centro.
- i) A relación cos axentes externos.



- j) O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- k) A promoción e apoio á convivencia.

## 11.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos: (Ver cuestionario Anexo I)

- a) As reunións de coordinación.
- b) Cuestionarios.
- c) Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
- d) Entrevistas.
- e) Análise do clima de convivencia no centro.
- f) Memorias finais.
- g) Análise de documentos e tarefas

Que nos darán información acerca de:

- ◆ Desenvolvemento das accións prioritarias.
- ◆ As accións previstas e non realizadas.
- ◆ As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- ◆ Reunións celebradas.
- ◆ A participación nas reunións do Departamento.
- ◆ O número de demandas recibidas.
- ◆ O número de demandas atendidas.
- ◆ Instrumentos e/ou documentos elaborados.

Cospeito, a 30 de setembro de 2021

Xefatura do Dpto de Orientación



Asdo: M<sup>a</sup> Isabel Fernández Pardo